

# carlos pereira martínez río alzheimer

1º PREMIO XXXVII EDICIÓN CERTAME LITERARIO CONCELLO DE VILALBA



Concello de Vilalba

alvarellos  
EDITORIA



# RÍO ALZHEIMER

*Río ALZHEIMER de Carlos Pereira Martínez obtivo no ano 2011  
o Primeiro Premio da XXXVII Edición do  
Certame Literario do Concello de Vilalba (Lugo).*

*O xurado estivo composto por José María García-Leira Boado  
(presidente), Darío Villanueva Prieto, José Carlos Rodríguez Andina,  
Fidel Fernán Vello e Xulio Xiz Ramil (secretario).*

CARLOS PEREIRA MARTÍNEZ  
RÍO ALZHEIMER



**alvarellos**  
EDITORIA

## Líbros do Sarela

© ALVARELLOS EDITORA, 2013

Sempre en Galiza, 4  
15706 Santiago de Compostela  
correo@alvarellos.info  
www.alvarellos.info

© Carlos Pereira Martínez

© Prólogo: Eva Veiga

Deseño e maquetación: Xacobe Neto/Alvarellos Editora  
Impreso en Tórculo Artes Gráficas

Depósito Legal C 1214-2013

ISBN 978-84-89323-44-5

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Diríxase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, [www.cedro.org](http://www.cedro.org)) se precisa fotocopiar ou escanear algúñ fragmento desta obra.

*Agora xa descansas  
no leito matricial do Universo.*

Á miña nai,  
Oliva Martínez Rey  
(18-4-1933 / 19-4-2009)



## PRÓLOGO

### O DIÁLOGO INCONCLUSO

*Está y no estuvo, pero estuvo y calla.  
El frío quema y en tus ojos crece  
tu memoria.*

VICENTE ALEIXANDRE

#### I

O poeta, quizais nas súas horas más afortunadas, adoito debe remontar o río do tempo na procura da súa nacenza, alí onde xace, nun silencio ou latexo orixinal, o que está esperando a dicirse; alí onde el tamén ficará nun intre indeterminable cativo da auga pero *del agua en la viva/ roca del corazón*, como nos deixou escrito Antonio Machado.

Falamos, pois, dunha escalada ao centro dese coágulo temporal que é a propia palabra, un retorno á memoria que ha de realizarse necesariamente a través do esquezo, do esquecemento dun mesmo.

Deixar de ser unha forma para dar lugar a outra, eis a estratexia da vida que persiste na súa fértil aventura; velaí a chave da creación estética. Recrear o mundo cara á súa comprensión. Neste sentido reflexiona o filósofo Emilio Lledó cando di “Arrebatados a un país de raíces antiguas, de madres remo-

tas, caemos por el túnel de las formas que nos precederon, y damos en el centro germinal de la especie, en un humus apretado y fecundo de enorme densidade semántica, y nos absorbe”.

E esta, coidamos, é a viaxe profunda e estremecedora que Carlos Pereira Martínez deita neste libro, *Río Alzheimer*, merecedor no seu día do Premio de Poesía de Vilalba. Porén, un libro que no decurso da súa lectura se despregala tan fermosamente como unha flor de loto. A flor do esquecemento, segundo se conta na *Odisea*, e, por outra parte, símbolo de pureza e harmonía cósmica que se abre á luz dende os limos e a escuridade. Noite morna da nai. Porque o punto de partida e o destino atópanse aquí –poida que sempre– no mesmo lugar: toda a travesía, que non obstante é radicalmente transformativa, acontece nese seo: dende a nai ata a nai. Matriz que nos contén e cuxa presenza nos acouga, pero que inexorablemente vai desaparecer esgazándonos a carne, furando o núcleo mesmo da existencia.

Porque, neste caso, á mutilación que significa a perda da proxenitora, engádese esa devastación a cámara lenta da personalidade que significa a síndrome de Alzheimer. Unha experiencia física e emocional que nos deixa esburacados e orfos fronte ao misterio da vida. E así, unha vez máis, no remol do estupor asoma a pregunta: quén ou qué somos.

Segundo Gastón Bachelard somos non só o que fomos, senón tamén o que nos contamos. É dicir, unha biografía, unha auto-conciencia que se mani-

festa nesa trama temporal que tecen as agullas do pasado e do porvir. Tensión dinámica e creativa entre a lembranza e o esquezo reelaborando a memoria que, se desaparece, esvaécese tamén con ela o tempo. Deste xeito, escribe Carlos Pereira:

*Día e noite, inmutable  
(indiferente ás mudas  
da pel do Tempo).*

O tempo como condición existencial do ser (ser-aí, ser para a vida e para a morte), relación sobre a que en grande parte Heidegger fundamenta o seu pensamento más innovador, aquel que levou á Filosofía a preguntarse xa non polo ser en si senón polo seu sentido. E se hai un reino do sentido, en palabras de Bachelard, este é o da linguaxe, especialmente o ámbito do poético. Múltiples sentidos da poesía que é miríade de bocas porque cada ser humano é unha linguaxe particular –modo de entender e expresar o mundo– que o transcende e o impelle adoito a construír así unha patria propia, a que lle é más próxima e recoñecible, que o acolle e o abre á afuencia. E a chave que encaixa nesa porta é sempre a da palabra xusta, adecuada. Por iso, perder as chaves é, tamén simbolicamente, o primeiro síntoma desta enfermidade neurodexenerativa que irá esfarrapando ese vestido lingüístico e invisible que nos mantén emancipados da realidade. Estes son os versos iniciais do libro cuxa primeira parte intítula-se significativamente “Diario de avisos”:

*¿Onde pousei as chaves?  
preguntaches,  
inxenua, aquela tarde.*

A resposta é xa a do extravío que, máis ou menos descabaladamente, coma acontece nos rápidos ou nos meandros dun río, irá conducindo a nai ao exilio do mundo e da súa verdadeira casa porque nada escapa á virulencia devoradora desa néboa que cada vez entra máis adentro:

*Querías escavar  
inaccesibles minas  
nas que agochares,  
con febril avaricia,  
as últimas lembrazas  
que ainda permanecen...*

En efecto, o oráculo inscrito nesa rúnica paisaxe de neuronas devastadas vaise revelando fatalmente e así entramos, por un arduo camiño de dor e progresiva mudez, na segunda parte do libro que é o “Dominio da sombra” –“Territorios de vida/ perdidos para sempre”. E esta certeza da inminente finitude, que parecería irnos preparando para esa infamia, descóbrenos, non obstante, tan desamparados coma un neno que, buscando aferrarse ás roupas da nai, atopa o nada. Porque se ben a conciencia da morte é unha característica fundamentalmente humana, perante ela amosamos adoito unha actitude ambigua de inevitable asunción e de rexeitamento.

Por iso, na suposta *hora da verdade*, o fillo decide non crer no que para a razón é evidente:

*¿Será que se te instalo  
nese espazo de tránsito  
perdura un pouco más  
toda a xenealoxía  
que me foi transmitida  
na batalla do parto,  
e non debo afrontar  
que agora eu son o elo  
referencial da liña  
que une ás que me seguen  
coa túa estirpe?*

En efecto, no canto de achegarse a ese claustro hermético cuxo incommovible silencio acredita xa o pasamento do ser querido, o autor decide na parte derradeira do libro ficar no umbral e pendura no pórtico do templo, a modo de título, a lámpada da luz perpetua, NER TAMID. Mais, este ritual de afirmación última da vida máis aló da morte non tería sentido se non fose o resultado daquela peregrinaxe espiritual e evolutiva que, á maneira do ourobobos, acada a súa epifanía –ese Oriente Eterno– no final que é o seu principio: a noite.

Emparentada coa noite sitúa Hesíodo na súa *Teogonía* a Lete, a escura deusa do esquecemento, mentres a deidade da memoria, Mnemosine, amósase achegada ao día claro e ao deus do sol, Apolo. Xa

que logo, trátase do eterno retorno ás augas da indeterminación para dende aí, en tránsito de aprendizaxe, renacer novamente. E será neste estado liminal que Carlos Pereira Martínez irá realizando unha iniciación que se desenvolve en tres fases –as devanditas partes en que se organiza o libro– e que son outras tantas aproximacións ao misterio. Un misterio que ao sermos incapaces de explicar, como escribiu María Zambrano, só nos queda celebralo.

E o único espazo posible desta celebración é para o poeta o da memoria, unha memoria que non é só a fixación do relato, senón o desesperado intento por apreixar a verdade que aniña nos fondos pregues do tempo. Unha presenza fuxidía que, por unha sorte de encantamento, só o poema pode acoller nas súas redes, nesa arañeira que tece ao unísono vitoria e derrota como expresa nos seus versos Jeannette L. Clariond:

*(La palabra encenderá desnudos cielos,  
órdenes para labrar los cristalinos huesos  
que asoman en la vega ramosa: pálpito  
de nuestra orfandad).*

En efecto, a orfandade –a orfandade da nai–, ese agudo sentimento de desarraigado persoal e cósmico, déixanos suspendidos nun baleiro intolerable e de igual modo asolagados por ese mar de ausencia onde fragmentos á deriva do que xa foi veñen ferirnos gravemente co seu gume. Entón quixeramos esquecer para atenuar a dor, pero sabemos –e moi

en especial sabe o poeta— que só transcendendo ese estado de doente perplexidade, só seguíndolle o rastro á dor, poderá a fenda da escisión deixar de sangrar. Neste senso, a Psicoloxía apréndenos que, para superar esa inabranguable ausencia da nai, o noso cerebro internaliza —para algúns autores tanto psíquica como somaticamente— a imaxe do ser desaparecido dándolle así de algúns xeito “vixencia sempiterna”. Falamos, ao cabo, dunha apropiación de enerxía emocional que debe ser liberada ou transmutada á fin do lograr un crecemento persoal que, do contrario, ficaría varado nese aspecto. A vía escollida polo noso autor para este percorrido, xa o dixemos, é a da poesía en cuxa realización vai erixir a súa *ars memoriae*, o seu *omphalos* ou centro radial, contra a besta negra do esquezo.

Unha batalla que, a través dunha linguaxe eficazmente metafórica, vaise manifestar agonicamente no poema. O poema cuxa voz, regresando a aquel asombro da infancia, fundará no oco mesmo da desaparición o lugar do encontro. O lugar onde esos tres vértices —nai, fillo, palabra— se opoñen e se disolven, tan a miúdo solapándose. Porque, cómo poderiamos ao ler os seguintes versos do libro separar unha pel de outra, cómo discriminar os corpos, cómo delimitar esta presenza que certifica o ausente, como saberse fóra ou dentro...?:

*Co declinar da tarde  
chega o río do medo*

*e desprega un exército  
de ameazantes sombras,  
de irracionais temores.*

A resposta do escritor é sempre a afirmación da súa escrita que implicitamente decote cuestiona a realidade, unha realidade neste caso tráxica pois dende o comezo mesmo do seu pronunciamento aparece marcada e orientada por un fatum inapelable cara ao seu destino:

*Fóra, as sombras do outono  
alboreaban presaxios.*

Presaxios de cuxo cumprimento imos sabendo, mediante a voz que, baixa e grave, se encerra recurrentemente entre paréntese ao longo de todo o poemario e de maneira semellante a como o coro na tragedia grega adianta ou acouta acontecementos:

*¿Cantas vítimas leva?  
(Rigorosa,  
non se apiada de nada.  
Nin do esquezo).*

En efecto, dúas son as voces que di o río, douss os tempos nos que se desdobra un eu poético que intúe dramaticamente esa dobre faciana na que vida e morte conflúen. Eis a función invisible da poesía:

ser ese intre de resonancia no que esquezo e lembranza se dan caza co mesmo dardo:

*Sixilosa,  
é experta cazadora:  
dispara ao corazón  
con precisión exacta.*

Unha precisión que é para o poeta a de encaixar con acerto a palabra coa súa falta, ausencia latexante que dende un silencio xerminal nos convoca.

Pero lembrar non é unicamente nomear senón, en expresión de Gong Bilan, “unir, lanzar palabras pensamientos como lianas ao outro lado da ourela.

Pontes de tempo que só os elixidos traspasan, os que soportan a ollada fría do instante, ese rostro cego e macilento que sempre nos abduce”.

E, significativamente neste senso, se hai unha característica definitiva da enfermidade de Alzheimer é, por unha banda, o dexunguimento e caída das palabras que contaban a vida nunha ebria e delirante coreografía de letras e sons; e, por outra parte, a repetición sistemática de acenos que irán levando o corpo á rixidez total. Xa que logo, tamén aquí como un antídoto terapéutico, a elaboración poética ofrécenos o seu efecto salvífico restaurando unha orde que é, antes que nada, un ritmo. O ritmo que, unha e outra vez –e porque ningúén se mergulla no mesmo río dúas veces– trae consigo infinitas posibilida-

des de sentido, miríades de escintileos impredecibles. A paisaxe mudando se o amor a habita:

*El é esa man, xigante,  
(ás veces, dubidosa)  
que te lava por fóra  
e te salva por dentro.  
(...)*

*(Ti, dubidas un tempo,  
pero a voz rescástate  
dese túnel de areas movedizas.  
¿Que será cando o mal  
sulague os teus oídos?).*

Cando a fala se retira, aparece a escrita, ese vestido de presenza viva co que o poeta Carlos Pereira Martínez volve o tempo á nai. Cerimonia religatoria de palabras coidadosamente elixidas e dispostas sobre a ara do imposible esquecemento. Escrita do corazón diseminada polas veas, erguéndose sobre o abismo nun pálpito máis alto. Escrita núa.

“¿Cómo sobrevivir a un poema/ desnudo?”, pregunta o poeta J. C. Wilkins.

## II

“Entre mi sombra y su sombra/ pasaba brincando el agua”, di a canción que a bo seguro bebe dun saber colectivo e universal –consciente e inconsciente– no que brota e se decanta asemade cada memo-

ria individual. Así, nada se crea nin se destrúe, como expresa a lei da conservación da enerxía, senón que devén en proceso vital. E a experiencia intensa da vida, xa o sabemos, relaciónnase coa toma de conciencia respecto da morte. Unha morte que a sociedade contemporánea, abducida pola tecnoloxía, semella querer borrar, negar ou banalizar, como un novo pseudo-tabú ao que dese medo facer fronte. Mais, pola contra, a natureza –a nosa natureza humana cada día máis lonxeva– parece empeñada en deternos o paso cara a ningures ralentizando a experiencia –sen dúbida, estraña– do adeus definitivo.

Porén, sabemos que cada vez que hai un cambio, hai unha despedida. E quizais en aprender a despedímonos consista boa parte da nosa calidade de vida. E así pois, seguimos falando de como xestionar esquecemento e memoria. Porque, en definitiva, a existencia decote sitúanos na circunstancia inexcusable de e cómo tratar co abismo. E coido que é precisamente este baleiro baixo os pés o que nos impele a berrar aterrorizados mentres algo que non comprendemos nos preme a gorxa. Algo que na vida sentimos que nos roza –sobre todo polo sufrimento, quizais polo amor–, algo no que os fíos invisibles da poesía semellan vibrar sen que se toque.

Algo que denominamos misterio crendo así dalgún modo posuílo. Algo que ante a dura experiencia de doenças dexenerativas, como a de Alzheimer, parece exacerbarse. Ou non sentimos aquí un mei-

rande horror, ese algo que aínda excede ao feito mesmo da morte?

Ocórresenos pensar que ningunha tesitura coma esta expón ao ser humano ao “fóra”, á “outredade”.

Porque a enfermidade de Alzheimer expúlsanos por completo non só do corpo senón do mundo e ponmos en contacto con iso que non ten sentido porque non hai palabras para dicilo. Con iso que Bonefoy chamou o “improbable” (“que non se pode probar”) e Maurice Blanchot “o neutro”. Trátase, en calquera caso, da experiencia diso “inmediato” que non se pode apreixar, que non pode “mediar” a linguaxe porque lle é absolutamente descoñecido.

Centro, nese senso, sagrado –imposible de se profanar– que, vólvenos dicir Blanchot, “abre ao segredo todo iso acadado pola súa irradiación; (...) non é comunicado. É o día pero anterior ao día, o que nos é máis íntimo. (...) O outro que non se define, senón que se alza escuramente”.

Entón, nós, sempre nas marxes do libro sentindo en alerta e sosegados que algo pasa, non temos máis que dicir, a non ser con Guillevic:

*Facer  
que estar á beira  
sexas  
tirarse dentro.*

### III

Pasa un río entre as follas desprendidas e escuma a árbore deitada no fondo verde dos ollos. Como nave que se estrela docemente, unha e outra vez, o aire regresa ao seu leito antigo. E rómpese de imposible sosego un aroma tan claro que cega o tempo. E a man, a man balbucea no principio o seu rastro más seguro e, se di auga, trae con ela unha gadaña de sombra. Nace entón esa dor de cristais desorientados, sangue estiñándose, nun lugar ao tempo preto e descoñecido. E a vida vaise ao cabo deixando no seu paso un enxoito sedimento de caos e baleiro se non ardera a cerna na súa transparencia.

EVA VEIGA



I

**DIARIO DE AVISOS**



¿ONDE pousei as chaves?  
preguntaches,  
inxenua,  
aquela tarde.  
No remol da conversa,  
amparados  
polas lenes volutas do café,  
ninguén dos que alí estábamos  
reparou  
no que nos anunciaba  
esa concisa frase.  
Fóra, as sombras do outono  
alborexaban presaxios.

(Apareceron  
no caixón  
das sabas).

QUERÍAS pechar todos  
os armarios.  
Cismabas que faltaran  
sabas, xoias  
ou os manteis bordados  
—e seica ben sabías  
das furtivas ladroas—.  
Para teres control  
de enxoaval tan valioso  
penduraba de ti  
un monllo-escapulario:  
cada estampa, unha chave.  
Sentíaste segura ao apreixalo.  
(Era o magro tesouro  
que custodiabas tensa  
no cofre da obsesión  
convivencia de aneis  
con calcetíns usados,  
esquecidas moedas  
e papeis enrugados).  
Querías fechar todos  
os armarios.  
(Inconsciente, fechabas  
as portas da memoria).

CHEGOU a parromeira  
e apagou a luz.  
Foi un instante.  
Volveu nacer a paz  
nas túas pupilas  
e semellaba  
ter sido unha visita  
momentánea.  
(Pero non foi así).